(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51343
Data envio: 20/02/2026 07:45:59.289

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 7:45:59

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51342
Data envio: 20/02/2026 07:45:53.435
Data 20/02/2026 07:45

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45510**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"se a Xunta de Galicia considera que está a adoptar as medidas necesarias para protexer á poboación máis vulnerable fronte ao incremento do custo da vida"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta pon a disposición de todos os galegos diferentes axudas e programas para impulsar a súa inserción social e laboral, coa colaboración de entidades de iniciativa social e concellos, para o que conta cun orzamento nesta materia de 130M€.

A metade deste orzamento destínase directamente a axudas directas para as familias e para as persoas máis vulnerables.

- Mantemos o orzamento da Risga nos 46M€, atendendo a todas as persoas que a soliciten e que aínda non transitaron ao IMV. Preto de 4.000 na actualidade.

- Consolidamos o complemento autonómico ás pensións non contributivas. Con 8M€ para 36.500 persoas que cobran as pensións máis baixas e que están en situación de especial vulnerabilidade.

- Destinamos 5M€ ás axudas de Inclusión Social (AIS), que perciben preto de 4.000 persoas cada ano.

- E impulsamos a xestión do Programa Básico, con 7,3M€ que permitirán apoiar ao ano a 8.000 persoas con severas carencias materiais....

E ademais as persoas vulnerables tamén se benefician das medidas doutros departamentos da Xunta de Galicia en ámbitos como os de educación, a vivenda ou o emprego, entre outros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/02/2026 07:45:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51342
Data envio: 20/02/2026 07:45:53.435

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 7:45:53

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51852
Data envio: 25/02/2026 15:06:20.716
Data 25/02/2026 15:06

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 45688**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia dos datos de vítimas mortais e sinistralidade viaria en 2025 e anos previos, así como o cumprimento do Plan de Seguridade Viaria 2022-2025, as súas medidas correctoras previstas e a posible transferencia de competencias en tráfico e seguridade viaria"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia lamenta profundamente cada falecemento en accidente de tráfico, porque detrás de cada vítima hai unha traxedia humana e familiar que debe interpelarnos a todos.

A seguridade viaria é unha prioridade absoluta para o Goberno galego, e por iso levamos máis dunha década desenvolvendo políticas continuadas, baseadas na prevención, na planificación e na mellora constante das infraestruturas e dos hábitos de mobilidade. Galicia mantén un traballo serio, rigoroso e con visión de longo prazo para avanzar cara ao obxectivo estratéxico de Visión Cero no ano 2050.

Ao abeiro do Plan de Seguridade Viaria 2022–2025, recentemente finalizado, a Xunta despregou un amplo conxunto de actuacións para reducir as vítimas mortais e os feridos graves. Rematada a vixencia do plan, xa se iniciou o proceso de avaliación interna e de coordinación coas consellerías implicadas para examinar con detalle o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos.

A Xunta reforzou como nunca antes o investimento en conservación, mellora e modernización da rede autonómica. Só en 2026 destínanse máis de 71 millóns de euros á conservación das estradas, nun esforzo histórico que se complementa cun contrato plurianual ata 2029 de 176 millóns de euros. A conservación integral, á que se dedica en Galicia unha media de máis de 32.000 euros por quilómetro, é unha das ferramentas máis eficaces para garantir unha mobilidade segura, especialmente nun territorio complexo e cunha climatoloxía cambiante como a galega.

Ao mesmo tempo, estanse a intensificar as actuacións nos puntos de maior risco. En 2026 desenvolveranse intervencións en 21 Treitos de Concentración de Accidentes —34 quilómetros— e en 109 Treitos de Alto Potencial de Mellora —480 quilómetros—, cun investimento específico de case 5 millóns de euros, ao que se suma outro millón adicional en melloras de seguridade e accesibilidade. Galicia, ademais, é a única comunidade autónoma que conseguiu financiamento FEDER para estas actuacións, o que evidencia o carácter pioneiro e sólido da planificación galega en seguridade viaria.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2026 15:06:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51852
Data envio: 25/02/2026 15:06:20.716

A protección dos usuarios máis vulnerables é outro dos piares fundamentais da política da Xunta. O Plan de Sendas permitiu dotar a Galicia de máis de 300 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas seguros, sostibles e integrados na paisaxe, e en 2026 investiranse outros 7 millóns de euros para continuar ampliándoos en 18 comarcas.

Paralelamente, mantéñense campañas de educación e sensibilización, cursos de condución segura para motoristas —64 cursos ata 2028 para 1.280 persoas— e colaboración permanente con entidades sociais como Stop Accidentes, así como medidas para reducir o risco de atropelos de fauna mediante melloras de visibilidade e reforzo de valados.

A Xunta tamén está a aplicar a innovación tecnolóxica para mellorar a seguridade, mediante o desenvolvemento do xemelgo dixital da rede autonómica, que permite monitorizar, planificar e anticipar riscos de maneira moito máis eficiente. Neste proxecto mobilizaranse 20 millóns ata 2029.

Cómpre lembrar que a mellora da seguridade viaria require o compromiso de todas as administracións. Do mesmo xeito que a Xunta actúa con planificación, recursos e anticipación, é imprescindible que o Goberno central acometa con urxencia a conservación integral da rede estatal en Galicia, que presenta deficiencias graves en estradas como a A-6, A-52, A-8, N-540 ou N-640, entre outras.

Finalmente, e mirando ao futuro inmediato, a Xunta xa iniciou os traballos para o novo Plan de Seguridade Viaria 2026–2030, que actualizará as liñas de actuación ás novas necesidades de mobilidade, reforzará o enfoque do Sistema Seguro e consolidará o compromiso inequívoco de Galicia de avanzar cara ás cero vítimas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51852
Data envio: 25/02/2026 15:06:20.716

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:06:20

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51341
Data envio: 20/02/2026 07:45:45.286
Data 20/02/2026 07:45

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 46436**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"os prazos, adecuación e condicións da implantación da nova oficina xudicial do Tribunal de Instancia de Ourense, especialmente no referido á non operatividade do sistema Atenea"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á pregunta oral en Pleno número 46435, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 11 de febreiro de 2026, á que nos remitimos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdhNzQ4NmMtN2FjZC00YmYyLTk4OTUtYmM5OWM2ZWI0M2Y3&start=11147

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjdhNzQ4NmMtN2FjZC00YmYyLTk4OTUtYmM5OWM2ZWI0M2Y3&start=11492".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 20/02/2026 07:45:42

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 51341
Data envio: 20/02/2026 07:45:45.286

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/02/2026 7:45:44

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51851
Data envio: 25/02/2026 15:06:14.139
Data 25/02/2026 15:06

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 49034**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, don Carlos López Font e don Aitor Bouza Manso, sobre **"a situación de abandono das vías de comunicación na comarca da Baixa Limia, nomeadamente da estrada OU-540, os riscos que implican para a seguridade viaria e os investimentos e actuacións dirixidos a corrixilos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A OU-540 é unha estrada da rede primaria básica da Xunta de Galicia cunha lonxitude duns 69 km que axudan a comunicar a cidade de Ourense co Concello de Lobios á altura do núcleo de A Madalena.

Foron transferidos aos concellos os treitos urbanos de Ourense (Marcelo Macías) e Bande. Conta con dous treitos diferenciados:

• Ata o punto quilométrico 28+360 xa perdeu a súa funcionalidade de eixo principal de comunicación, ao ser paralela á autovía AG-31. Non obstante, soporta tráfico local ou de distribución na parte inicial, en Ourense e Barbadás.

• Dende o punto quilométrico 28+360 ata o 68+960 é o eixo viario vertebrador:

• Celanova (AG-31) – Bande: 2.630 veh/día.

• Bande – Lobios (OU-312): 1.406 veh/día.

• Lobios (OU-312) - Fronteira de Portugal (A Madalena): 935 veh/día.

A súa importancia en canto a vertebración do territorio é indudable, xa que axuda a comunicar a capitalidade da provincia con Portugal, conectando 12 Concellos ourensáns.

A Axencia Galega de infraestruturas é perfectamente consciente da vitalidade de esta infraestrutura, pero tamén é vixiante e consecuente para coas estradas da súa titularidade:

• En setembro de 2018 rematamos unha operación de refozo de firme na OU-540 nos Concellos de Ourense, Barbadás, San Cibrao das Viñas, A Merca, Cartelle, Celanova, Bande, Verea, Lobeira, Entrimo, Muiños e Lobios, cun orzamento base de licitación de 394.000 €.

• En agosto de 2015 rematamos unha operación de reforzo de firme nesta mesma estrada entre os PP.QQ 47+380 e o PP.QQ 66+630 cun orzamento de 250.000 €.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2026 15:06:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51851
Data envio: 25/02/2026 15:06:14.139

Seguindo o fío da pregunta formulada, a principios de 2019 recibiuse unha solicitude de varios concellos de ampliación da estrada OU- 540 entre Celanova e Portugal. Unha vez que a autovía Ourense – Celanova (AG-31) xa consolidara o seu funcionamento, e superada a crise económica, rexurdiu a reivindicación de mellorar o eixo ata a fronteira portuguesa.

O 30 de decembro de 2019, co propósito de dar resposta a esta solicitude, licitouse o contrato de servizos para a redacción do Proxecto de trazado, Estudo de impacto ambiental e Proxecto de construción, cun prazo de execución de 18 meses, para o acondicionamento da OU-540 entre Celanova e a fronteira portuguesa.

Adxudicouse o 06/07/2020 por 153.186,00 € tendo en conta un treito de actuación de 43 km entre a saída de Celanova e a fronteira. As actuacións deseñadas propuxeron:

• Mellora e redeseño de intersecciónns existentes.

• Encaixe e dimensionamento de carrís lentos.

• Correccións de trazado.

• Melloras de seguridade viaria.

Así mesmo a AXI sostivo unha estreita colaboración con alcaldes da Baixa Limia no deseño da proposta, e acordouse engadir novos terceiros carrís de adiantamento. En concreto, engadiransee os seguintes:

• 720 en Lobeira en sentido Portugal (do 52+240 ao 52+960) o 400 en Entrimo sentido Ourense, prolongación dun existente (do 53+940 ao 54+340).

• 880 m en Entrimo sentido Portugal(do 58+940 ao 59+820).

• 840 m en Lobios en sentido Portugal(do 62+760 ao 63+300).

• 1100 m en Lobios en sentido Portugal(do 65+480 ao 66+580).

• Mellorar a intersección de Xeás en Lobios.

Unha vez incorporadas as anteriores propostas de mellora, someteuse a información pública o proxecto de trazado o 14/03/2022. Como resultado foi preciso realizar algunhas modificacións.

Finalmente o proxecto de trazado aprobouse o 01/02/2024 en Consello da Xunta (DOG 14/02/2024).

Para a súa execución, a actuación dividiuse en dous treitos de actuación: un primeiro treito de acondicionamento entre Celanova e Bande, e outro entre Bande e a Fronteira con Portugal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51851
Data envio: 25/02/2026 15:06:14.139

Con respecto do primeiro, este vai dende o P.Q. 25+470 ata o 39+560. No treito de actuación, procurarase a mellora da seguridade viaria e da capacidade da estrada nos concellos de Celanova, Verea e Bande.

Á súa vez, no proxecto distínguense dous subtreitos:

• Subtreito 1.1: Intersección OU-531 – Agrelo (PP.KK. 25+470 – 32+770).

• Subtreito 1.2: Agrelo – Bande Norte.

O investimento acadará o 6.320.002,43 €. A obra actualmente está licitada dende o 18/11/2025 e estanse a avaliar as ofertas técnicas presentadas. Terá un prazo de execución material de 18 meses.

O segundo treito, entre Bande e Portugal conta cun informe favorable dende o 2025, e vai dende o P.Q. 41+240 ata o 71+910. No treito de actuación, procurarase a mellora da seguridade viaria e da capacidade da estrada, ao seu paso polos concellos de Bande, Lobeira, Muiños, Lobios e Entrimo.

O proxecto construtivo do segundo treito, entre Bande e Portugal no que se procura a mellora da seguridade viaria e da capacidade da estrada, ao seu paso polos concellos de Bande, Lobeira, Muiños, Lobios e Entrimo, conta co informe favorable do departamento técnico da AXI dende o 2025.

Non obstante, está pendente da autorización da CHMS e do informe favorable de Patrimonio Cultural. Esta última emitiu informe desfavorable que foi cumplimentado en xaneiro deste ano polo equipo redactor e remitido novamente para informe".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51851
Data envio: 25/02/2026 15:06:14.139

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:06:13

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:17:02
Nº Rexistro: 51979
Data envio: 26/02/2026 17:17:02.841
Data 26/02/2026 17:16

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 49549**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema, sobre **"o estado das marcas viarias nas estradas da Costa da Morte, a falta de mantemento e pintado, os riscos para a seguridade viaria e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia e pola AXI para o ano 2026"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva a cabo labores de vixilancia diaria ou periódica de toda a súa rede de estradas, co obxectivo de obter información do estado de conservación dos diferentes elementos, de cara a detectar e paliar, o antes posible, as anomalías que se poidan detectar.

Para este ano 2026 a Xunta conta cunha partida histórica nos seus Orzamentos que suma máis de 71,5 M€ para actuacións no ámbito da conservación das estradas, dos que 27 M€ se destinan a reforzos de firme e conservación extraordinaria.

Dentro das labores de conservación ordinaria, as tarefas a desenvolver comprenden principalmente operacións de:

Limpeza e mantemento dos elementos de drenaxe.

Limpeza e recolocación de sinais, carteis verticais laterais e balizamento.

Mantemento e reposición de barreiras de seguridade.

Sinalización horizontal e repintado de bordos, varandas metálicas, báculos de alumeado, semáforos e peitorís.

Segado, roza e tala periódicos e de apoio para o control da vexetación en beiravías, cunetas, medianas, illetas, bermas, áreas de descanso e noiros.

Firmes e pavimentos.

Reparacións de obras de paso.

Sostemento de noiros.

Tarefas que se completan cun dispositivo permanente de atención de emerxencias, orientado a garantir a normalidade na circulación mediante a retirada de obstáculos, limpeza de verquidos, eliminación de desprendementos ou árbores caídas e a sinalización inmediata de incidencias.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/02/2026 17:16:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:17:02
Nº Rexistro: 51979
Data envio: 26/02/2026 17:17:02.841

Ademais das labores ordinarias, a Xunta tamén executa actuacións de conservación extraordinaria e, en particular, actuou recentemente e está a actuar nas estradas autonómicas na Costa da Morte. Por poñer algún exemplo:

A pasada primavera/verán de 2025 levouse a cabo a rehabilitación localizada do firme nas estradas AC-400, AC-414, AC-440, AC-445, coa finalidade de restaurar ou mellorar as características do pavimento para gañar en funcionalidade e durabilidade.

Os treitos de actuación en cada estrada foron:

AC-400 (Treito Int AC-413 en A Silva – Int AC-550 en Muros): Cerceda, Tordoia, Carballo, Santa Comba, Mazaricos, Outes y Muros.

AC-414: Carballo.

AC-440: Vimianzo y Muxía.

AC-445: Cee, Corcubión y Fisterra.

O investimento desta actuación ascendeu a 3.626.304,08€.

O pasado mes de xuño de 2025 rematouse o reforzo de firme localizado nas estradas AC-300, AC-303, AC-406, AC-432, AC-546, AC-550 e AC-552, que cun investimento total de 3.485.429,11 €, mellorou as estradas de Vimianzo, entre outras.

E, máis recentemente, en novembro de 2025, recepcionouse o reforzo de firme das estradas AC-419, AC-432, AC-441 E AC-442 ao seu paso polos concellos de Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Vimianzo, Camariñas, Santa Comba, Mazaricos, Zas e Dumbría cun orzamento de 2.972.379,30 €.

Así mesmo, a AXI está a tramitar o proxecto construtivo, que se licitará no primeiro trimestre deste ano, para levar a cabo unha renovación do firme para o mantemento e conservación das estradas AC-404, AC 429, AC-440, AC-444, AC-552, AC-546, AC-550 e a vía de alta capacidade VG-1.4, ao seu paso polos concellos de A Baña, Zas, Vimianzo, Muxía, Cee, Laxe, Muros, Fisterra, Santa Comba e Cabana de Bergantiños.

Todas estas actuacións reflicten un compromiso incuestionable que mantén a Xunta de Galicia co fin de manter o patrimonio viario autonómico, de xeito que permita unha circulación o mais segura, cómoda e fluída posible.

A Xunta de Galicia incrementa cada ano os seus orzamentos destinados a conservación e mantemento das estradas da RAEGA. E leva a cabo actuacións, como se ven explicado, tamén nas estradas da Costa da Morte, coa intención de mellorar a circulación en condicións de seguridade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:17:02
Nº Rexistro: 51979
Data envio: 26/02/2026 17:17:02.841

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 17:17:02
Nº Rexistro: 51979
Data envio: 26/02/2026 17:17:02.841

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 17:17:02

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51850
Data envio: 25/02/2026 15:06:06.068
Data 25/02/2026 15:06

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 49619**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dun eventual aumento do seu compromiso orzamentario co programa do bono alugueiro para incrementar a súa cobertura"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A proposta que recolle a pregunta escrita, de que a Xunta de Galicia complemente con fondos propios o Bono Alugueiro Mocidade para garantir que o 100% das solicitudes que cumpran os requisitos poidan ser atendidas, parte dun erro de base: este é un programa concibido, regulado e dimensionado integramente polo Goberno de España, que estableceu unhas condicións, uns límites e unha dotación económica alleos ás comunidades autónomas. Galicia, como o resto dos territorios, limitouse a xestionar unhas axudas que non deseñou e para as que non puido fixar nin requisitos nin criterios de acceso nin, moito menos, os recursos destinados a financialas. Pretender agora que a comunidade asuma co seu propio orzamento un deseño estatal insuficiente é trasladar responsabilidades de maneira inxusta e incoherente, especialmente cando Galicia xa demostrou unha xestión impecable e unha capacidade extraordinaria para optimizar cada euro recibido.

Así, Galicia atendeu todas as solicitudes posibles dentro do crédito estatal, chegando incluso a superar a previsión inicial. No ano 2022, aínda que a dotación estatal só permitía arredor de 4.000 axudas, a Xunta conseguiu conceder 5.253 grazas á recuperación continua dos fondos procedentes de renuncias e incumprimentos. Ademais foi a terceira comunidade española en convocar o bono. É dicir, Galicia aplicou unha xestión orientada a maximizar o número de beneficiarios.

En 2025 volveu suceder o mesmo: a Xunta actuou con rapidez tras a tardía ampliación de fondos por parte do Estado e conseguiu notificar 2.033 novas axudas, sumando un total de 4.383 nun mesmo exercicio.

Cada vez que o Estado aporta recursos, Galicia execútaos de inmediato, demostrando que o verdadeiro problema parte da insuficiencia estrutural do programa non da xestión eficaz desenvolvida pola comunidade, a pesares de non compartir as bases do programa.

Corresponde, con todo, ao Goberno central reformular se realmente pretende garantir o acceso universal do Bono Alugueiro Mozo en vindeiras convocatorias.

A Xunta, pola súa banda, si que está a desenvolver políticas propias que teñen impacto real e duradeiro na accesibilidade á vivenda.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2026 15:06:03

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51850
Data envio: 25/02/2026 15:06:06.068

Mentres o bono estatal é unha medida limitada, o Goberno galego está a impulsar unha estratexia de vivenda coa que duplicará o parque público antes de 2028, construirá outras 2.000 vivendas antes de 2030 e xa está destinando centos de millóns de euros a promoción pública, rehabilitación e adquisición de inmobles.

Ademais, o Goberno galego reserva o 40% das vivendas en réxime de alugueiro e o 25% para venda das novas construcións de vivenda pública, para menores de 36 anos.

Do mesmo xeito o Goberno autonómico dispón de axudas á compra, ofrece avais para facilitar o acceso ao crédito hipotecario e reduce os impostos para as persoas mozas: na presente Lexislatura a compra da vivenda habitual por parte de menores de 36 anos só paga un 0,5% en actos xurídicos documentados. No imposto de transmisións patrimoniais baixamos do 8% ao 3% e incluso ao 0% en zonas pouco poboadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51850
Data envio: 25/02/2026 15:06:06.068

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:06:05

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51849
Data envio: 25/02/2026 15:05:59.397
Data 25/02/2026 15:05

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 49629**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"se o Goberno galego considera suficiente a actual dotación orzamentaria autonómica en materia de axudas ao alugueiro á vista da evolución dos prezos e da demanda de vivenda en Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Un dos aspectos cruciais na análise de carencias do Bono Alugueiro Mocidade é a insuficiencia dos fondos transferidos polo Goberno de España nas súas convocatorias, que non se axustan á demanda real existente en Galicia. O propio deseño estatal do programa, aprobado sen diálogo coas comunidades autónomas, naceu xa limitado: presentouse como unha axuda de alcance practicamente universal, mais a dotación asignada a Galicia só permitía atender arredor de 4.000 solicitudes, moi lonxe das necesidades da mocidade galega. Esta falta de previsión e planificación converteu un anuncio de gran impacto mediático nun instrumento incapaz de dar resposta ás expectativas xeradas.

A pesar deste marco restritivo, a Xunta de Galicia fixo un traballo exhaustivo para garantir que cada euro recibido chegase aos mozos que cumprían os requisitos. Así, na convocatoria de 2022 concedéronse finalmente 5.253 axudas, un 25% máis das previstas inicialmente, grazas ao esforzo da Xunta por recuperar fondos procedentes de renuncias e incumprimentos e reinvestilos de inmediato. As concesións realizadas entre febreiro e novembro de 2023 acreditan precisamente a capacidade da Xunta para optimizar uns recursos claramente insuficientes.

A mesma situación repetiuse en 2025: malia que o Estado ampliou tardiamente a dotación, Galicia activou todos os mecanismos para axilizar trámites e conseguiu notificar 2.033 novas axudas, sumadas ás 2.353 xa concedidas. En total, 4.383 mozos beneficiados nun ano cun orzamento superior aos 24 millóns de euros.

Por iso resulta paradóxico que o grupo socialista nesta pregunta demande que seca o Goberno galego quen co seu propio orzamento cubra as carencias dun reparto para nada dimensionado ás necesidades da comunidade autónoma, ante a incapacidade do Estado de adaptar o programa á nosa realidade.

Aval Mozo é un programa estatal, con bases e limitacións impostas desde Madrid, e son eses condicionantes que deixan fóra a unha parte da mocidade que cumpre requisitos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2026 15:05:56

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51849
Data envio: 25/02/2026 15:05:59.397

A Xunta, pola súa banda, está desenvolvendo unha política de vivenda que si incrementa a oferta real: duplicar o parque público, construír outras 2.000 vivendas antes de 2030, reservar porcentaxes específicas para menores de 36 anos, aumentar axudas á compra e facilitar avais e beneficios fiscais. Estas medidas teñen un impacto estrutural e duradeiro, fronte a un bono estatal limitado, temporal e insuficientemente financiado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51849
Data envio: 25/02/2026 15:05:59.397

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:05:59

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51848
Data envio: 25/02/2026 15:05:44.192
Data 25/02/2026 15:05

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 49632**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Aitor Bouza Manso e don Carlos López Font, sobre **"o número de solicitudes presentadas nos cinco último exercizos ao bono alugueiro en Galicia e cantas delas quedaron sen atender por insuficiencia de crédito orzamentario"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta, como administración responsable da tramitación do Bono Alugueiro Mocidade deseñado polo Goberno de España, sen contar coas aportacións das comunidades autónomas, desenvolveu un labor rigoroso, eficaz e plenamente comprometido coa mocidade galega, malia as numerosas limitacións dun programa estatal improvisado e insuficientemente dotado para Galicia.

As bases aprobadas polo Estado impuxeron requisitos ríxidos, complexos e alleos á realidade dos prezos do alugueiro en moitas cidades, xerando inseguridade xurídica, dificultades de xestión e frustración entre os solicitantes. A pesar de todo, a Xunta de Galicia respondeu con dilixencia desde o primeiro día, sendo a terceira comunidade en convocar o bono e executando con exemplaridade todos os fondos recibidos.

Na convocatoria de 2022 concedéronse 5.253 axudas, un 25% máis das inicialmente previstas grazas á decisión da Xunta de continuar resolvendo solicitudes mediante a recuperación de fondos procedentes de renuncias ou incumprimentos. Estas concesións adicionais non só amosan unha xestión impecable, senón que evidencian tamén a insuficiencia dun programa estatal mal dimensionado para atender a demanda real.

O mesmo ocorreu en 2025 -en 2024 o Goberno central omitiu convocalo- cando Galicia volveu actuar con axilidade tras a ampliación tardía dos fondos por parte do Estado, notificando 2.033 novas axudas e alcanzando un total de 4.383 beneficiarios, cunha execución orzamentaria que supera os 24 millóns de euros.

Esta boa xestión contrasta co enfoque propagandístico do Goberno central, que continúa empregando o bono como ferramenta de titular sen asegurar recursos nin criterios adecuados.

Pola contra, a Xunta aposta por solucións estruturais que si modifican o escenario de acceso á vivenda: duplicará o parque público antes de 2028, construirá outras 2.000 vivendas antes de 2030 e destina centos de millóns de euros a novas

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2026 15:05:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51848
Data envio: 25/02/2026 15:05:44.192

promocións, rehabilitación e adquisición de inmobles. Ademais, reserva unha parte significativa das novas vivendas para menores de 36 anos (40% das de réxime de alugueiro e polo menos o 25% das destinadas a compra), reforza as axudas á compra, facilita avais para hipotecas, reduce impostos e incrementa as subvencións ao alugueiro para a mocidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51848
Data envio: 25/02/2026 15:05:44.192

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2026 15:05:43

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-CDjLmng2o-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/